



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)

### ACTA 1/2023

### REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL

### ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA CELEBRADA O DÍA 27 DE MAIO DE 2023.

En Santiago de Compostela, en data do 27 de Maio de 2023 e de forma telemática, reúnese a Asemblea Xeral desta Federación **con carácter extraordinario** en segunda convocatoria, ás 09:30 horas, baixo a presidencia de D. Enrique Freire Sobral, actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

**PRESIDENTE:**

D. Enrique Freire Sobral

**SECRETARIO:**

D. Manuel Rey San Luis

**TESOUREIRO:**

D. José R. Costas Carbajal

**ESTAMENTO DE CLUBS:**

D. MANUEL FERNANDEZ MALLO (C.C. Herculino) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Julio Alfonso Paz Ruiz**

D. JOSÉ C. CASTRO PORTA (U.C.M. Mariñas Altas)

D. MANUEL CURRAS FERVENZA (C.C.Pombas do Val Miñor) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Enrique García Rodríguez**

D. CARLOS BUDIÑO PEREIRA (C.C. Mensajeras de Cambre)

D. JOSE M. MACIEL COMESAÑA (C.C.Pombas Mensaxeiras de Nigran)

D. JAVIER FERNÁNDEZ PENA (C.C.Terracha)

D. JAIME M.LÓPEZ RODRÍGUEZ (C.C.Aires de Lemos)

D. DAVID RODRIGUEZ ROMERO (C.C.Palomas Mensajeras de Vigo)

D. ALFONSO M. POZACO GONZALEZ (C.C.Porriño)

D. DANIEL CARBALLAL TORRES (C.C.Ría de Pontevedra)

D. JAVIER LAGOA FERNANDEZ (C.C.Pombas Mensaxeiras de Narón)

D. RAMON IGLESIAS FERNANDEZ (C.C.Pombas Da Mariña)

D. CARLOS GARCIA BALBOA (C.C.Pombas do Salnés)



## FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcdgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcdgalega@gmail.com)



### **ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:**

D. JESUS O. BUDIÑO PEREIRA  
D. JULIO GONZALEZ IGLESIAS  
D. ANGEL TORRE IGLESIAS  
D. RAFAEL PIÑEIRO RODRÍGUEZ

### **Escusan a súa asistencia:**

D. DANIEL CARBALLAL TORRES (C.C.Ria de Pontevedra)  
D. JAVIER LAGOA FERNANDEZ (C.C.Pombas Mensaxeiras de Narón)  
D. RAMON IGLESIAS FERNANDEZ (C.C.Pombas Da Mariña)  
D. JESUS RODRIGUEZ COSTAS  
D. BRUNO DÍAZ FERNÁNDEZ  
D. MANUEL VILABOA ALMEIDA  
D. LUIS A. FROIZ SOLIÑO  
D. PEDRO BECERRA GONZALEZ

Esta reunión axústase ó seguinte **Orde do día:**

- 1.- Lectura e aprobación (se procede) da acta da sesión anterior
- 2.- Coñecemento do Balance Económico ao 30-04-2023
- 3.- Adquisición programa informático para a Exposición Autonómica da Pomba Mensaxeira.
- 4.- Acordo de datas para a celebración da Exposición Autonómica da Pomba Mensaxeira.
- 5.- Solicitud por parte do C.C. Alas Compostelanas de apoio por parte da Federación para promoción, aportación de guías sanitarias e autorizacións de soltas en outras comunidades ao "derby" organizado por este club.
- 6.- Aprobación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2022.
- 7.- Rogos e preguntas



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:Secretariafcdgalega@gmail.com)  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcdgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcdgalega@gmail.com)



### **Primeiro.- LECTURA E APROBACION SI PROCEDE DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.**

Os asistentes coñecen a acta da reunión anterior de data 22 de Abril de 2022, o Sr. Alfonso Pozaco comenta que esta non é a acta que se debería aprobar, que debería ser a da derradeira reunión de Decembro, así mesmo comenta que as contas anuais non se poden aprobar nunha asemblea extraordinaria, tómasse nota destas apreciacións e aprobouse esta acta co voto en contra do Sr Alfonso M. Pozaco González.

### **Segundo.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 30-04-23.**

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance ao 30-04-2023 dando un rápido repaso ás diferentes contas de gastos e ingresos deténdose nalgunha delas para realizar consideracións sobre as mesmas.

### **Terceiro.- ADQUISICIÓN PROGRAMA INFORMÁTICO PARA A EXPOSICIÓN AUTONÓMICA DA POMBA MENSAXEIRA.**

Toma a palabra o Sr. Secretario para poñer en coñecemento dos membros asistentes de que a Federación carece dun programa informático para a clasificación das pombas para as Exposicións, dado este problema falouse co Sr. Vicente Prats para pedir o custo do seu programa informático, sendo a súa contestación que nolo deixaría gratis co compromiso de renovar o mantemento dos programas para o vindeiro ano.

**Acordase nesta reunión adquirir de forma gratuita este programa para a clasificación das pombas na Exposición.**

### **Cuarto.- ACORDO DE DATAS PARA A CELEBRACIÓN DA EXPOSICIÓN AUTONÓMICA DA POMBA MENSAXEIRA.-**

Toma a palabra o Sr. David Romero (presidente do C.C. Pombas Mensaxeiras de Vigo) como club organizador da "LIV Exposición Galega Da Pomba Mensaxeira" para establecer como datas máis axeitadas para este evento os días 16 e 17 de Decembro de 2023, **sendo aprobadas estas datas polos membros asistentes.**

### **Quinto.- SOLICITUDE POR PARTE DO C.C.ALAS COMPOSTELANAS DE APOIO POR PARTE DA FEDERACIÓN PARA PROMOCIÓN, APORTACIÓN DE GUIAS SANITARIAS E AUTORIZACIÓNS DE SOLTAS NOUTRAS COMUNIDADES AO "DERBY" ORGANIZADO POR ESTE CLUB.-**



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



Toma a palabra o Sr. Presidente para poñer en coñecemento dos membros asistentes que recibiu via WhatsApp a finais do pasado mes de Marzo, a solicitude por parte de Francisco Vázquez, socio do C.C.Alas Compostelanas, da organización dun "derby" a nivel particular no que solicita apoio por parte da Federación en canto a promoción, divulgación, solicitude de guías sanitarias e tramitación de autorizacións de soltas noutras comunidades. Xa se falou no seu momento co presidente deste club solicitandolle información sobre este evento en canto a plan de soltas, autorización sanitaria tanto do transporte de animais a utilizar no transporte das pombas deste evento como do transportista, etc., que ata a data no se ten. En canto a este tema, a opinión xeneralizada dos membros asistentes é a de que non se debería involucrar á Federación nun evento particular, máxime cando non se teñen todas as garantías legais.

**Acordase nesta reunión apoiar na divulgación e promoción deste evento, así como ofrecer o asesoramente de como proceder a solicitar a documentación a nivel de club para trámites legais das soltas.**

### **Sexto.- APROBACIÓN DAS CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2022.-**

Coa convocatoria desta reunión enviáse a documentación relativa ás contas anuais do exercicio 2022.

Toma a palabra o Sr. Tesoureiro para informar de que a pesar de que o que comenta o Sr. Alfonso Pozaco de que as contas anuais non se deberían aprobar nesta reunión, deberíamos facer unha excepción por dous motivos esenciais, Porque estas contas hai que presentalas aprobadas antes do 30 de Xuño na Secretaria Xeral para O Deporte, e tamén porque estamos inmersos nunha auditoria na que precisamos que estas contas estean aprobadas.

Tras amplo debate levase a cabo a votación sobre este tema, sendo o resultado o seguinte:

15 Votos a favor

2 Votos en contra dos membros: Sr. Alfonso M. Pozaco González e Sr. José M. Maciel Comesaña.

**Dado o resultado da votación, danse por aprobadas as contas anuais 2022.**

### **Séptimo.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Sr. Alfonso Pozaco quere facer constar a inxusticia cometida co C.C.Alas Compostelanas ao suspender o campionato de seguridade corto por temas



## FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcbgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcbgalega@gmail.com)



xurdidos en canto á interpretación de incumplimento da normativa regulamentaria deportiva.

Sr. Manuel Mallo, comenta que dado que este ano a campaña deportiva vai a salir bastante cara, solicita a posibilidade de que a Federación aporte máis importe de subvención para sufragar na medida do posible estes gastos.

Facer unha reflexión sobre os gastos a futuro nas campañas deportivas equilibrando os costes entre modalidades.

Sr. Angel Torres, solicita a publicación das adendas ao Regulamento Deportivo dos trofeos Especiais.

Sr. Carlos Budiño comenta a posibilidade de facer algunha subasta de pichóns a nivel federativo e destinar a recadación a sufragar os gastos federativos.

E sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día da data.

Asdo: Enrique Freire Sobral  
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis  
-Secretario-